
	<p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA CEIP plurilingüe Ponzos</p>	<p>R/Ponzos s/n 15404 Ferrol – A Coruña Telf. 981370480 Fax. 981949288 ceip.ponzos@edu.xunta.es http://centros.edu.xunta.es/ceipdeponzos</p>	<p>PROXECTO LINGÜÍSTICO</p>
---	---	---	---------------------------------

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

2022 – 2026

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA CEIP plurilingüe Ponzos	R/Ponzos s/n 15404 Ferrol – A Coruña Telf. 981370480 Fax. 981949288 ceip.ponzos@edu.xunta.es http://centros.edu.xunta.es/ceipdeponzos	PROXECTO LINGÜÍSTICO
---	---	--	-------------------------

1. INTRODUCCIÓN

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia establece a necesidade de que cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o proxecto lingüístico cada catro cursos escolares.

Con isto, dispoñémonos a realizar o correspondente proxecto tendo en conta a realidade do centro e da nosa contorna. A finalidade do mesmo é acadar iguais niveis de competencia nas dúas linguas oficiais de Galicia, sen detrimento de ningunha delas, e sentar as bases para a adquisición dunha primeira lingua estranxeira.

No curso 2012-2013, incorporámonos ao programa "*seccións bilingües*", nos cursos 1º e 2º de Educación Primaria e na materia de plástica.


A partir do curso 2021/2022 solicitamos a entrada como "*centro plurilingüe*" e foinos aceptada, polo que a partir de agora se van dar as Plásticas en inglés en toda a educación primaria (21/22: 1º EP, 22/23: 1º e 2º, etc... e así ata completar toda a etapa). Xa non haberá "*seccións bilingües*".

2. DETERMINACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

O noso centro atópase no barrio de Ultramar (Ferrol) onde a poboación é maioritariamente castelán falante.

2.1. Situación sociolingüística do alumnado.

- Lingua habitual do alumnado: o 100% do alumnado enquisado fala castelán habitualmente.
- Lingua habitual das familias: o 92% das familias enquisadas falan castelán habitualmente .
- Lingua usada polo alumnado no ámbito escolar: maioritariamente castelán. O galego só o empregan nas materias impartidas en dita lingua.
- Outras linguas presentes no ámbito familiar do alumnado: árabe, rumano, polaco, portugués, francés e valenciano.

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA CEIP plurilingüe Ponzos	R/Ponzos s/n 15404 Ferrol – A Coruña Telf. 981370480 Fax. 981949288 ceip.ponzos@edu.xunta.es http://centros.edu.xunta.es/ceipdeponzos	PROXECTO LINGÜÍSTICO
---	---	--	-------------------------

2.2. Situación sociolingüística do profesorado.

- Lingua habitual do profesorado: o 75% fala castelán habitualmente.
- Capacidade do profesorado para empregar o galego na actividade docente: boa.
- Actitude do profesorado cara á utilización do galego no ámbito educativo: favorable.
- Actitude do profesorado cara á normalización social do galego: favorable.

3. DISTRIBUCIÓN DO CURRÍCULUM.


A. *Etapa de educación infantil:*

Esta etapa educativa non obrigatoria, ten relevancia por ser a etapa normal de escolarización onde o alumnado ten contacto por primeira vez cun ambiente escolar.

Segundo o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino a lingua materna será determinada polo centro educativo de acordo co resultado da pregunta que se efectuará aos pais /nais/titores antes do comezo do curso escolar.

Segundo o mapa lingüístico estamos inmersos nunha zona castelán falante de Galicia, a lingua materna predominante do noso alumnado no 2º ciclo de Educación Infantil adoita ser o castelán, polo que a lingua de escolarización que se utiliza normalmente de modo individual cas nenas e nenos será a lingua castelá (P.3 Art. 5).

Atendendo o Decreto 330/2009 de 4 de xuño polo que se establece o currículo de educación infantil o alumnado ten que adquirir de forma oral e escrita a outra lingua oficial de Galicia, o galego, polo tanto no ciclo empregaranse as dúas linguas, procurando que todas as actividades, rutinas, hora do conto, actividades impresas...se realicen en ámbalas dúas.

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA CEIP plurilingüe Ponzos	R/Ponzos s/n 15404 Ferrol – A Coruña Telf. 981370480 Fax. 981949288 ceip.ponzos@edu.xunta.es http://centros.edu.xunta.es/ceipdeponzos	PROXECTO LINGÜÍSTICO
---	---	--	-------------------------

As actividades realizadas dende o Equipo de Educación infantil para conseguir que o alumnado adquira o coñecemento das dúas linguas oficiais son:

- Tratar de realizar a xornada do día nas dúas linguas para que o alumnado realice as actividades tanto en galego como en castelán.
- Realización de hábitos e rutinas cotiás en lingua galega e castelá.
- Actividades de literatura infantil en galego e castelá.
- Elaboración de carteis en lingua galega e castelá.
- Memorización, entoación e comprensión de cancións en lingua galega e castelá.
- Utilización do ordenador con xogos educativos en lingua galega e castelá.
- Elaboración de proxectos de traballo en lingua galega e castelá

B. *Etapa de educación primaria:*


Nesta etapa educativa o tentar acadar unha igualdade de competencias en ámbalas dúas linguas xa é obrigatorio. Para o que a normativa vixente (D79/2010) contempla:

Impartir en lingua castelán as áreas:

- Matemáticas
- Lingua castelán
- Relixión e valores sociais e cívicos.

Impartir en lingua galega as áreas:

- Ciencias sociais.

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA CEIP plurilingüe Ponzos	R/Ponzos s/n 15404 Ferrol – A Coruña Telf. 981370480 Fax. 981949288 ceip.ponzos@edu.xunta.es http://centros.edu.xunta.es/ceipdeponzos	PROXECTO LINGÜÍSTICO
---	---	--	-------------------------

- Ciencias da natureza.
- Educación artística (música).
- Educación física.
- Lingua galega.

Lingua extranxeira:

A primeira lingua estranxeira que se imparte no centro é Lingua Inglesa e a lingua vehicular nesa área será o inglés. Esta empregárase tamén para a materia de plástica.

A lingua auxiliar, cando o mestre por algunha razón ten que facer uso doutra lingua na clase (unha explicación, un aviso...) será o castelán.


4. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO.

4.1. Recursos para facilitar a comunicación entre persoas que non dominan as linguas oficiais.

Cando se necesite atender a alumnos/as estranxeiros/as que non coñecen ningunha das linguas da comunidade, o traballo realizarase en castelán para posteriormente ir introducindo o da lingua galega.

Está atención, ampliarase na medida das posibilidades do centro, a aqueles alumnos/as que proveñen doutras comunidades e que non coñecen o galego. Crearase cando sexa necesario o Grupo de Adquisición de Linguas.

Para o caso de que algún non sexa castelán falante, recóllense no plan de integración e o plan de acollida de alumnado procedente do estranxeiro ou de outras comunidades as medidas necesarias para que poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan, entre elas:

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA CEIP plurilingüe Ponzos	R/Ponzos s/n 15404 Ferrol – A Coruña Telf. 981370480 Fax. 981949288 ceip.ponzos@edu.xunta.es http://centros.edu.xunta.es/ceipdeponzos	PROXECTO LINGÜÍSTICO
---	---	--	-------------------------

- Contar coa colaboración de pais e alumnado da mesma nacionalidade que poidan facer de intérpretes.
- Acudir ás institucións oficiais, servizos sociais, etc. para acadar unha comunicación efectiva.
- Emprego de medios e recursos ao noso alcance para facilitar unha comunicación bidireccional.

4.2. Criterios para determinar a lingua predominante no contorno.

Segundo o mapa sociolingüístico de Galicia e os datos recollidos na enquisa que se realiza ás familias cando matriculan ao neno/a en Educación Infantil (Decreto 79/2010), o noso Centro atópase mergullado nunha zona castelán falante.


Este feito distintivo do noso entorno obriga a articular medidas para compensar esa desigualdade que xoga en contra de acadar a igualdade nas competencias lingüísticas.

4.3. Uso da lingua galega na administración do Centro.

Atendendo á normativa vixente (Decreto 79/2010) todo o referente a xestión administrativa e académica: Programacións, escritos, circulares, comunicados e todo tipo de carteis internos como externos faranse con carácter xeral na lingua galega, agás no caso de comunidades castelán falantes segundo consta no mesmo Decreto.

4.4. Lingua de comunicación: no centro, co entorno e coa comunidade educativa.

A lingua de comunicación entre mestras e mestres - alumnos fóra da aula e en tempo de lecer tenderá a acadar a finalidade principal deste Proxecto.

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA CEIP plurilingüe Ponzos	R/Ponzos s/n 15404 Ferrol – A Coruña Telf. 981370480 Fax. 981949288 ceip.ponzos@edu.xunta.es http://centros.edu.xunta.es/ceipdeponzos	PROXECTO LINGÜÍSTICO
---	---	--	-------------------------


Así se empregarán as dúas linguas oficiais tentando que o galego sexa a lingua condutora e preferente para acadar un maior uso diario como camiño á normalización lingüística.

Igualmente de comunicación mestres-pais/nais do alumnado e outros estamentos da Comunidade Educativa tentará perseguir igual fin agás aquelas que regulamentariamente deben facerse en galego.

5. MEDIDAS PARA MELLORAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO.

Dende o centro e, en colaboración cos **equipos de Biblioteca e EDLG**, levaremos adiante diversas propostas segundo a temporalización do curso o precise. Algunhas delas son:

1. Lectura e narración de textos: contos, historias, revistas xornais, etc.
2. Dramatizacións e recitado de poesías.
3. Cancións, panxoliñas, e outras interpretacións.
4. Emprego das novas tecnoloxías e robótica con aplicacións e exercicios orientados a mellorar a competencia lingüística.
5. Emprego da revista dixital do centro e o blog da biblioteca.
6. Participar en concursos literarios de narracións e poesía ofertados polas institucións ou outras entidades socioculturais.
7. Realización de traducións orais e escritas entre as dúas linguas oficiais e en ámbolos dous sentidos.
8. Recollida e recompilación de diferentes materiais de tradición oral.
9. Realización de actividades orientadas a achegar aos alumnos a un vocabulario específico dos diferentes momentos que se viven no centro ao longo do curso.

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA CEIP plurilingüe Ponzos	R/Ponzos s/n 15404 Ferrol – A Coruña Telf. 981370480 Fax. 981949288 ceip.ponzos@edu.xunta.es http://centros.edu.xunta.es/ceipdeponzos	PROXECTO LINGÜÍSTICO
---	---	--	-------------------------

11. Outras que puntualmente poidan xurdir en circunstancias especiais.


Dende a biblioteca poderanse facer **Proxectos Documentais Integrados (PDI)** a nivel de centro mediante os cales traballar de forma integrada non só as diversas materias senón tamén as dúas linguas cooficiais e a lingua estranxeira. Para iso escolleríase unha temática común da que partiríamos para traballar todas as áreas, sendo unha delas a competencia lingüística.

Dende o equipo de **Tecnoloxía da Información e Comunicación** porase a disposición do centro diversos medios e recursos orientados á adquisición das competencias lingüísticas:

1. Colaboración co equipo de biblioteca para potenciar o blog da biblioteca.
2. Manter a páxina web dinámica e con posibilidades de evolución con información relevante a cerca do centro.
3. Elaboración de material didáctico con aplicacións informáticas como Kahoot, Canva, etc.
4. Emprego da aula virtual.

Por outro lado, a **Radio Escolar** será unha ferramenta fundamental para traballar a competencia lingüística a todos os niveis. Será empregada por todos os cursos do centro e con ela realizaranse diferentes tipos de actividades, podendo ser así unha ferramenta de unión entre as diversas materias e os diversos idiomas do centro.

Debemos recalcar a importancia da **integración das linguas**:

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA CEIP plurilingüe Ponzos	R/Ponzos s/n 15404 Ferrol – A Coruña Telf. 981370480 Fax. 981949288 ceip.ponzos@edu.xunta.es http://centros.edu.xunta.es/ceipdeponzos	PROXECTO LINGÜÍSTICO
---	---	--	-------------------------

1. Faremos actividades nas que se integren o galego, castelán e inglés. Cunha mesma temática, obradoiro, proxecto ou conmemoración pódense realizar actividades nas que traballar as 3 linguas de maneira paralela.
2. O galego é unha lingua minoritaria neste centro polo que fomentaremos máis o seu uso, non só a través de actividades senón tamén comprometéndose os docentes a empregala máis no seu día a día.
3. Integraremos sempre que sexa posible aquelas linguas faladas polo alumnado e as familias do centro. Segundo as últimas enquisas realizadas estes idiomas son o polaco, árabe, rumano, valenciano, francés e portugués. Darémoslles así a oportunidade de sentirse máis próximos á súa lingua ou á da súa familia.

6. MEDIDAS COMPENSATORIAS


A situación lingüística do entorno lévanos a un modelo de diglosia que pode parecer un modelo consensualista e relativamente estable da convivencia das dúas linguas, pero este modelo implica unha situación de desequilibrio na que un dos grupos lingüísticos é dominante sobre o outro.

Tal como recolle o decreto (*art. 11*), tentarase usar a lingua galega nas actividades complementarias e extraescolares e actos organizados polo centro así como na comunicación informal co alumnado.

No proxecto lingüístico débese compensar esta situación de desaxuste mediante un proceso de recuperación do status, do capital simbólico e do valor comunicativo da lingua dominada así tentarase empregar a lingua galega nas actividades complementarias e a comunicación informal co alumnado.

7. EQUIPO DA BIBLIOTECA

O equipo de biblioteca plantexa a súa aportación lingüística dende tres perspectivas:

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA CEIP plurilingüe Ponzos	R/Ponzos s/n 15404 Ferrol – A Coruña Telf. 981370480 Fax. 981949288 ceip.ponzos@edu.xunta.es http://centros.edu.xunta.es/ceipdeponzos	PROXECTO LINGÜÍSTICO
---	---	--	-------------------------


- **Dinamización:** As actividades de dinamización ao longo do curso, integrada na programación do equipo, que se reflicte no PXA segundo temporalización, ámbitos e recursos.
- **Formación documental:** A formación documental que tenta formar usuarios en tódalas facetas, organización de fondos, medios informáticos, realización de PDI...
- **Colaboración coas familias:** propoñendo actividades nas que os familiares do alumnado teñan unha importante aportación e participación, colaborando no control e emprego dos fondos prestados ao alumnado, poñendo a súa disposición a biblioteca dentro do horario establecido.

8. AVALIACIÓN E AXUSTE


Segundo o establecido no decreto, este proxecto remitiráselles aos servizos da inspección cada 4 cursos escolares de cada ano, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da LOMCE. Co fin de reparar as eivas detectadas en cada curso, adoptaranse as medidas que permitan dispor dos medios materiais e persoais precisos para corrixilas no curso seguinte.

Anualmente elaborárase unha addenda na que consten:

- Os resultados da enquisa
- As actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquiera de forma oral e escrita o coñecemento de ámbalas dúas linguas.
- As modificacións na impartición de linguas estranxeiras
- Información e valoración dos programas de actividades para o fomento de dinamización da lingua galega realizadas e información do que se pretende desenvolver para o vindeiro curso.

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA CEIP plurilingüe Ponzos	R/Ponzos s/n 15404 Ferrol – A Coruña Telf. 981370480 Fax. 981949288 ceip.ponzos@edu.xunta.es http://centros.edu.xunta.es/ceipdeponzos	PROXECTO LINGÜÍSTICO
---	---	--	-------------------------

Adoptaranse as medidas necesarias suxeridas pola avaliación da administración para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística previa de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA CEIP plurilingüe Ponzos	R/Ponzos s/n 15404 Ferrol – A Coruña Telf. 981370480 Fax. 981949288 ceip.ponzos@edu.xunta.es http://centros.edu.xunta.es/ceipdeponzos	PROXECTO LINGÜÍSTICO
---	---	--	-------------------------

O PRESENTE PROXECTO LINGÜÍSTICO, XORDE DA MODIFICACIÓN DO ANTERIOR SEGUNDO A ADAPTACIÓN DO DECRETO 79/2010 DO PLURILINGÜÍSMO NO ENSINO, FOI APROBADO EN REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR CELEBRADO O DÍA 29/06/2022
